

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 15 DE DECEMBRO DE 2010

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día quince de decembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 9 de decembro de 2010.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE OBRAS.- Acordouse conceder licenza para as seguintes actuacións: parcelamento da parcela sita no núcleo rural tradicional de Xuxaos+Torre, parroquia de San Miguel de Orbazai; reestruturación total e agregación de dous edificios para resultar un único composto de planta baixa para portal e tres locais, catro plantas altas para vivendas e planta baixo cuberta para vivenda e rochos, para un total de nove vivendas, na Ronda da Muralla, números 74-75; rehabilitación de vivenda unifamiliar, sita en Santiago de Afora-Frías, rúa da Chanca, número 15; e cambio de uso de local comercial a garaxe de uso privado (grao 1º), no edificio con licenza numero 778/64, sito na rúa Bispo Doutor Balanzá, número 2.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

2. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acordouse aprobar os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto e

apertura do procedemento de adxudicación para a contratación dun servizo permanente de vixilancia no parque da Milagrosa - 2010.

ÁREA DE ALCALDÍA

3. ASESORÍA XURÍDICA.- Acordouse a execución do auto ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo (C-A 106/10), en relación coa transacción acordada no expediente de reclamación de responsabilidade patrimonial incoado por danos persoais causados como consecuencia dunha caída na rúa Bidueiro.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptáronse os seguintes acordos:

- Concesión de licenza para construír unha vivenda unifamiliar, na rúa Tres Marias números 49-51.
- Aprobación do convenio polo que se modifica o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, Augas de Galicia, o concello de Lugo e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, para a execución do proxecto de acondicionamento da marxe dereita do río Miño en Lugo.

Lugo, 16 de decembro de 2010
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García